



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### **BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL** **“CERDEDO-COTOBADE É NADAL”**

Por segundo ano, o Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), a través da participación cidadá, e co motivo de manter o espírito do Nadal, de crear un ambiente festivo, de contar coa participación da cidadanía e, así, se favorecer as compras en todo o termo municipal presenta o Concurso de Decoración do Nadal dirixido a todos os negocios, comunidades de montes, asociacións e familias que forman o noso Municipio.

#### **1. OBXECTO**

O obxectivo é intentar que os lugares do noso Concello se impregnen do espírito de Nadal coa colaboración de todos, cos seguintes fines:

- Dinamizar a participación activa dos-as cidadáns do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).
- Colaborar e infundir un ambiente de Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Contribuír ao aforro económico en torno a materiais de decoración do Nadal e dispoñer de elementos decorativos que aporten a localidade un entorno de Nadal acolledor e ilusionante.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.
- Sensibilizar do problema dos residuos e da importancia do reciclaxe.

#### **2. PARTICIPANTES.**



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Establécense dúas categorías de participantes:

a) Familiar\Individual.

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas maiores de idade con residencia no municipio de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) que realicen a decoración da súa vivenda.

b) Colectiva.

Poderán participar os establecementos do concello que teñan escaparate visible dende a vía pública e aqueles que ofrezan outro tipo de servizos como bares, restaurantes, cafeterías, asesorías, inmobiliarias, hoteis, pensións, estudos etc que dispoñan dun balcón, xanela, porta, fachada.

Poderán participar as asociacións e /ou comunidades de montes legalmente establecidas que decoren unha praza/ lugar/... da parroquia na que estean establecidas.

Os participantes responsabilizaranse do adecuado cumprimento destas bases e da realización dos trámites, permisos, medidas preventivas o de calquera índole que puideran ser precisas para a súa participación no concurso, eximindo ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) de calquera responsabilidade polo seu incumprimento ou omisión.

Todos os negocios que queiran participar deben estar abertos ao público e en posesión da Licenza Municipal de Actividade correspondente.

Os interesados en participar deberán inscribirse cumprimentando e entregando no Concello o formulario de inscrición xuntado a estas bases. Poderán presentalo de forma presencial en horario de atención ao público ( luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ou a través do correo electrónico [omix@cerdedo-cotobade.gal](mailto:omix@cerdedo-cotobade.gal);



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### **3. ENTIDADE ORGANIZADORA.**

O Organismo encargado da valoración do concurso será o Excelentísimo Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) a través do Departamento de Cultura onde se dirixirán aquelas posibles incidencias, comunicados etc que se produzan durante a celebración de dito concurso a través do correo electrónico [omix@cerdedo-cotobade.gal](mailto:omix@cerdedo-cotobade.gal).

### **4. MATERIAIS EMPREGADOS.**

Os materiais empregados para a decoración deberán ser na súa meirande parte material reciclado, así como materiais provenientes da natureza ou outro medio natural sempre que non se prexudique ou dane o medio ambiente.

Os participantes disporán de liberdade no estilo e técnica empregada na decoración da vivenda ou negocio.

Os elemento decorativos que se empreguen non poderán causar ningún perigo ni prexuízo para as persoas e o bens e se basearan na reciclaxe, a ecoloxía e a creatividade.

### **5. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.**

A montaxe e desmontase dos elementos decorativos realizarase por cada un dos participantes. Non se poderá solicitar axuda do almacén municipal para o porte ou colocación dos adornos.

A decoración presentada non poderá ser modificada, deberá ser visible dende a vía pública e non causar molestia aos veciños ou transeúntes nin obstruir o tráfico de vehículos ou persoas.

A decoración deberá ter relación co Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo decorativo, quedando totalmente prohibido a utilización de velas, facho, pirotecnia o calquera outro elemento que puidera resultar perigoso.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



A decoración deberá permanecer exposta desde o día de solicitude ata o 07 de xaneiro de 2024 e contar as condicións precisas de conservación, coidado e seguridade durante todo o período de exposición.

As persoas participantes decorarán as fachadas exteriores, balcón, xanela, porta e realizará una fotografía da mesma. As fotografías deben ser en formato dixital e poderán ser en cor ou en branco e negro.

As fotografías xunto coa inscrición cuberta deberán ser enviadas vía correo electrónico co asunto “concurso decoración de nadal”, á dirección [omix@cerdedo-cotobade.gal](mailto:omix@cerdedo-cotobade.gal). Os participantes que non cumpran este requisito poderán ser excluídos . no correo deberase indicar a categoría a que se presenta, os datos persoais a dirección.

Asemade, todas as fotografías das decoracións que se envíen deben contar con:

- a) Título da fotografía relacionado coa temática. O título da fotografía debe ser unha mensaxe non ofensiva, sendo excluídas nese caso (a casa, balcón, xanela, fachada debe estar no Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra))
- b) Nome e apelidos da persoa que a envía e no caso de negocio tamén o nome do mesmo.
- c) Número de teléfono de contacto
- d) Enderezo e localización das vivendas para o acto de comprobación.
- e) D.N.I (fotografía ou fotocopia)

O prazo de admisión remata o día 09 de decembro

A decoración deberá ser retirada polos participantes deixando a vía pública en perfecto estado de acondicionamento, limpeza e ornato.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Os participantes ceden o dereito das imaxes remitidas ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) par a súa publicación en medios de comunicación, páxina web, redes sociais, para a realización dun álbum recordatorio, así como calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

### 6. PRAZOS

PRAZO PARA ENVÍO DAS FOTOS DESDE O 30 DE NOVEMBRO HASTA O 09 DE DECEMBRO.

PRAZO DE EXPOSICIÓN DO TRABALLO: ATA O 07 DE XANEIRO DE 2024.

PRAZO PARA A VALORACIÓN DO 10 AO 14 DE DECEMBRO

PLAZO DE RESOLUCIÓN DE PREMIOS 15 DE DECEMBRO

PLAZO DE ENTREGA DE PREMIOS NAS DATAS QUE SE ESTABLEZA A FESTA DE NADAL

### 7. TEMA

A Decoración do Nadal das fachadas, balcóns, xanelas, escaparates etc que den a vía pública.

### 8. VALORACIÓN.

Para a valoración das fotografías presentadas ao concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- e) Cantidade e tipoloxía de materiais reciclables ou da natureza empregados.
- f) Adecuación coa imaxe xeral do espazo onde estea instalada.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### g) Entusiasmo polo Nadal.

Cada membro do xurado emitirá a súa valoración nunha acta de votación por categoría e o sistema de votación será o seguinte:

- Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 10 puntos. etc.
- A suma de todos os puntos , dará lugar aos-as gañadores-as do concurso.
- No caso de empate, volverase a puntuar, pero nesta ocasión se puntuará do 1 ao 3, así sucesivamente ata que se consiga un claro gañador-a.
- En caso de empate, será designada a candidatura que máis número de veces acadase a puntuación máxima (10 puntos). Si aínda así continuase o empate, a designación correspondería á que acadase máis 9 e así sucesivamente.
- O fallo será inapelable, podendo declarar deserto o concurso.
- Formulado o fallo e emitida a acta, a competencia para o outorgamento do premio corresponde ao Alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ou órgano no que delegeue.
- Os-as concursastes comprométense a aceptar a decisión do xurado.
- Os premios se establecerán en función da maio puntuación obtida.
- Unha vez emitido o fallo, o Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) contactará cos premiados-as (persoa individual ou representante do negocio ou asociación /comunidade de montes) co obxectivo de que aporten a documentación requirida, tal e como figura no Anexo I desta convocatoria.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- A selección dos gañadores-as será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable.
- A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

### 9. O XURADO

O xurado estará formado por

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue, vogais: membros da comisión de cultura do concello

Vogais: D<sup>a</sup> Galiza Aguite Dorrio ou concelleiro en quen delegue, Don Ernesto Filgueira Touriño, ou concelleiro en quen delegue, Dona Ana Couto Cerviño, ou concelleiro en quen delegue, Dona Lourdes Ovelleiro Garrido, ou concelleiro en quen delegue.

### 10. PREMIOS.

Os premios dividense por categoría da seguinte forma:

- Categoría Familiar\Individual: repartiranse catro premios.

1º Premio: 200,00 €

2º Premio: 150,00 €

3º Premio: 100,00 €

4º Premio: 50,00 €

- Categoría Colectiva: repartiranse catro premios.

1º Premio: 400,00 €

2º Premio: 300,00 €

3º Premio: 200,00 €





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



4º Premio: 100,00 €

### **11. ENTREGA DA PREMIOS.**

Os premiados serán convocados a un acto no Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) 23/12/2022 lugar Pavillón de Deportes de Carballedo . Ao que teñen a obriga de asistir. En caso de non asistir entenderase que renuncian ao premio e pasarase ao seguinte con mais puntuación

Os premiados recibirán o día do acto un diploma do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) acreditativo do premio

Os premios liberaranse a través de transferencia bancaria.

A data de entrega dos premios do concurso comunicarase aos interesados e publicarase na web do Concello. (fb, sede electrónica, pagina de cultura etc

### **DISPOSICIONES FINALES**

A participación implica a aceptación desta convocatoria e calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización.

O Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), le informa que os datos de carácter persoal que sexan facilitados serán obxecto de tratamento nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a participación no concurso, comunicar a condición de gañadores e entregar os premios correspondentes. Os datos do nome, apelidos e a dirección onde a decoración está instalada poderán ser publicados tanto nas páxinas web do organizador como en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. A participación no concurso supón a plena aceptación do tratamento e cesión dos datos persoais e do uso das fotografías proporcionadas, nos termos expostos nesta convocatoria.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Coa participación no neste concurso se autoriza ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ao uso de forma gratuíta da imaxe por tempo ilimitado.

A presente convocatoria publicárase na páxina web do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e no tablón de anuncios, facebook....

En Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), na data da sinatura electrónica.

O Alcalde .

Jorge Cubela López

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.**

P.3600048G



# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



## ANEXO I – FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL. “CERDEDO-COTOBADE É NADAL”

D/Dna.....,  
con DNI ....., nº de teléfono .....e con  
enderezo en C/ ....., nº....., piso  
....., da localidade de ....., C.P.....,  
Correo electrónico.....

Actuando en nome propio ou en representación de  
D/Dna.....,  
con DNI ....., nº de teléfono .....e con  
enderezo en C/ ....., nº....., piso  
....., da localidade de ....., C.P.....,  
Correo electrónico.....

**SOLICITA** participar no **CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL. “CERDEDO-COTOBADE É NADAL”**, na categoría (marca cunha X):

- Familiar\Individual
- Colectivo

Co montaxe de decoración do Nadal que se instalará no seguinte enderezo:

.....  
.....  
.....

Breve descrición da montaxe (materiais empregados, elementos, zona onde se instalará,...):

.....  
.....  
.....  
.....

P.3600048G



# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



TÍTULO DA FOTOGRAFÍA (breve descrición da decoración, motivo de elección do título o significado do título)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

Autorización, no caso de que presente unha foto con persoas.

Eu, ..... co DNI:.....

Como autor da fotografía .presentada baixo o nome de \_\_\_\_\_

- Autorizo a difundir a miña imaxe ou da persoa que represento, nas distintas redes Sociais e na páxina do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), como participante do concurso.
- Autorizo ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ao uso das fotografías realizadas pola participación neste concurso co obxecto de publicidade corporativa, para a súa difusión en:

- Álbums de recordo.
- Facebooks do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
- Páxina web do Concello de Cerdedo- Cotobade (Pontevedra)
- Folletos ou calquera outro soporte físico ou audiovisual.

**ADXUNTA** fotocopia do DNI E **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

1. Que os datos facilitados no presente Anexo son certos.

P.3600048G



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



2. Non estar incurso/a en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
3. Que estou ao corrente coas obrigacións tributarias co Estado, a Seguridade Social e o Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), comprometéndome a presentar os certificados correspondentes cando me sexan requiridos, no caso de que resulte gañador-a de algún dos premios, así como o correspondente número de conta e certificado de titularidade da mesma, para o ingreso do premio.

A presente declaración se outorga exclusivamente aos efectos da participación e concesión, se corresponde, dos premios regulados na convocatoria do **CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL. “CERDEDO-COTOBADE É NADAL”**

E para que conste, asino en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), a ..... de..... de \_\_\_\_  
Sinatura



NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS Segundo a lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) con fins informativos, así coma da posibilidade de exercitar os seus dereitos de



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento

<sup>1</sup> Na autorización cubrirase o nome do pai, nai ou titor/a legal no caso de que o participante sexa menor de idade ou os datos do participante maior de idade. Colocar en su sitio